



Resolución da Xerencia de Xestión Integrada de A Coruña de 28 de outubro de 2015, de corrección de erros das bases da convocatoria para a vinculación temporal por concurso de méritos de diversas prazas de facultativo especialista de área convocado por Resolución de 30 de setembro de 2015 (DOG nº 200 do 20 de outubro de 2015)

Advertido un erro nas bases da convocatoria para a vinculación temporal por concurso de méritos de diversas prazas de facultativo especialista de área convocado por Resolución de 30 de setembro de 2015 (DOG nº 200 do 20 de outubro de 2015) e publicadas na páxina web do Servizo Galego de Saúde e na páxina do Espazo do profesional, esta Xerencia ao amparo do previsto no art. 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, procede a súa rectificación nos seguintes termos:

Primeiro- Na páxina 2, base segunda, apartado g, onde di:

“Non atoparse en situación de excedencia como persoal estatutario na mesma categoría nin estar vinculado mediante vínculo de longa duración na mesma categoría en institucións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia. A tal efecto considerarase nomeamento de longa duración aquel de duración igual ou superior a un ano”

Debe dicir:

“Non atoparse en situación de excedencia como persoal estatutario na mesma categoría e especialidade”

Segundo- No mesmo senso, na páxina 3, base terceira, punto 3 onde di:

Xerencia de Xestión Integrada

“Declaración responsable de non atoparse en situación de excedencia como persoal estatutario na mesma categoría nin estar vinculado mediante vínculo de longa duración na mesma categoría en Institucións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia. A tal efecto considerarase nomeamento de longa duración aquel de duración igual ou superior a un ano”

Debe dicir:

“Declaración responsable de non atoparse en situación de excedencia como persoal estatutario na mesma categoría e especialidade”.

A Coruña, 28 de outubro de 2015




Francisco José Vilanova Fraga

Xerente de Xestión Integrada da Coruña

Xerencia de Xestión Integrada